



2017 - 2018

# BIENAL DE PINTURA

Prémio Eixo Atlántico // Prémio Jovens Talentos Luso-Galaicos

## XII BIENAL EIXO ATLÁNTICO 2017-2018. PREMIO DE PINTURA

A Bienal de Pintura do Eixo Atlántico é organizada polo Eixo Atlántico, coa colaboración das entidades Fundación da Xuventude e Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Cultura e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e réxese polas regras a seguir descritas.

### REGRAS XERAIS

#### 1. Participantes

Poderán concorrer ó certame todos os artistas naturais e/ou residentes nas dúas rexións, Galicia e Norte de Portugal, que integran o Eixo Atlántico, para o que se debe anexar comprobante.

#### 2. Obra

Cada autor poderá concursar **só cunha obra** de pintura, orixinal e inédita, enténdese como tal aquela que sexa da súa exclusiva propiedade e que non fose exposta nin presentada con anterioridade a ningún outro certame ou concurso. Termo que se acreditará mediante declaración xurada no Boletín de recepción da obra.

#### 3. Aspectos técnicos

Tanto o tema como a técnica a utilizar serán de libre elección, sempre tendo en conta que é unha bienal de pintura exclusivamente. As dimensións das obras non serán inferiores a **65 cm.** no seu lado menor nin superiores a **120 x 120 cm.** En caso de enmarcado da obra, o ancho da moldura non debe superar os 3 cm. visto de fronte. Non se admitirán obras protexidas cun cristal, pero si con metacrilato ou material plástico irrompible.

#### 4. Preselección

Os autores que desexen participar formalizarán a **Inscrición** a través da páxina web da Bienal de Pintura do Eixo Atlántico. O prazo de inscrición será de 60 días.

As inscricións terán lugar entre o día 14 de xullo e o día 14 de setembro de 2017.

Cada participante terá que encher todos os campos do formulario de inscrición do premio que se atopa na web: **<http://www.bienalpinturaeixoatlantico.com>**. Nese formulario deberá anexar:

- Unha fotografía da obra en formato JPG ou PNG cunha resolución de 300 píxeles por polgada e coa calidade adecuada para poder inserila no catálogo.
- Un currículo do artista (cun máximo de 5.000 caracteres)
- Copia DNI

Unha vez cumprimentados todos os campos, o concursante poderá enviar o formulario de inscrición, recibindo de maneira automática un correo de confirmación cun código de participación.

## 5. Entrega da obra

Concluído o prazo de presentación de inscricións e en base á documentación recibida, o xurado procederá á preselección das obras que optarán ó Premio. A organización notificará telefonicamente e por escrito a súa decisión ós autores preseleccionados e solicitará o **envío da obra**, cuxo enderezo e prazo de entrega serán indicados nesa mesma comunicación.

Os participantes poderán entregar directamente a súa obra ou ben enviala pola súa conta e risco a portes pagados. **Os custos da entrega das obras, son da enteira responsabilidade dos autores.**

A obra, no momento en que se entregue, deberá levar adherida ao dorso o **Boletín de recepción** asinado que pode ser descargado na páxina web.

En calquera dos casos as obras deberán ser entregadas en embalaxe de madeira, cun grosor mínimo de 0.8 cm. e preferiblemente con forma de maletín para que asegure a súa integridade durante a itinerancia. A organización non aceptará obras cunha embalaxe inadecuada.

## 6. Selección e premios

Unha vez pechada a recepción das obras, o Xurado seleccionará as **obras finalistas** nun número máximo de 30 que configurarán o **catálogo dixital do premio** e constituirán a colección itinerante para as sucesivas exposicións que terán lugar nas cidades asociadas do Eixo Atlántico, de Galicia e do Norte de Portugal. A este efecto os autores das obras seleccionadas comprometeranse a ceder as mesmas durante o período de tempo en que sexan expostas sen poder retiralas ata que conclúa o calendario establecido das referidas exposicións.

Se a obra recibida non coincidira fisicamente coa imaxe presentada na fase de preselección ou tivese algún tipo de defecto ou se o xurado valorase que a obra non cumpre os requisitos necesarios para formar parte da exposición, a obra poderá ser descualificada e algunha das obras descartadas na fase anterior poderá ocupar o seu lugar na exposición.

O **fallo do xurado** farase público o día da inauguración da exposición así como se fará entrega dos premios ós galardoados. A inauguración terá lugar a finais de 2017 (previsiblemente en novembro), nun acto público e solemne ó que deberán asistir os premiados.

Concederase un premio Eixo Atlántico á mellor obra do certame, cun valor de 3000 euros e dous segundos premios de 1500 euros cada un, á mellor obra de autor portugués e á mellor obra de autor galego respectivamente. Igualmente concederase o premio “Novos Talentos Luso – Galaicos” para novos artistas con idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos,

inclusive, cun valor de 1500 euros. As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Eixo Atlántico ou de algunha das entidades colaboradoras.

### **CATÁLOGOS:**

Editárase un catálogo de tirada limitada con todas as obras seleccionadas que ademais poderá ser descargado na páxina web do Eixo Atlántico ou a través dun código QR que estará dispoñible nos lugares de exposición. Os autores participantes, polo mero feito de presentarse, aceptan a cesión dos dereitos de explotación á entidade organizadora e ós patrocinadores para a reprodución da obra no catálogo e para fins de propaganda e divulgación.

### **7. Xurado**

O xurado estará composto por un panel de entre seis ou oito membros, dos que un deles non terá dereito a voto, actuará como secretario e será tamén o Comisario da Exposición. O xurado estará composto por personalidades relacionadas co mundo das artes plásticas e da cultura, tanto de Galicia como de Portugal, dos cales un será presidente, convidado pola organización con voto de calidade. Tamén será convidado para formar parte do xurado o/a vencedor/a do premio da edición anterior

As **decisións** do xurado serán por maioría e inapelables.

### **8. Recollida de obras**

Os autores das obras seleccionadas poderán retiralas unha semana despois da clausura da exposición, **nun prazo máximo de 45 días**. A retirada efectuarase anexando sempre o resguardo correspondente, directamente ou por medio dunha persoa autorizada ó efecto por escrito fidedigno.

En alternativa, poderase enviar a obra a portes debidos ó destinatario para o enderezo de entrega solicitada polo propio autor. **Os gastos de recollida son da enteira responsabilidade dos autores.**

Unha vez transcorrido o prazo estipulado para a recollida, se as obras non foron retiradas nin os autores comunicaron a súa intención de facelo indicando a data de recollida, entenderase que ditas obras foron abandonadas polo autor, pasando automaticamente a propiedade e libre disposición da organización do Premio.

### **9. Incidencias**

A presentación a este concurso implica a autorización expresa da organización do certame para a reprodución e exhibición das obras seleccionadas, así como da imaxe e datos dos seus autores, tanto en soportes gráficos como audiovisuais e informáticos.

Todas as incidencias e reclamacións que se puideran presentar serán resolvidas polo xurado cuxo fallo será inapelable.

A participación neste certame implica a total **aceptación do seu regulamento**.